

DECRETO 40/2026, do 18 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, para o desempeño con carácter transitoria de prazas reservadas a funcionarios e a contratación de persoal laboral da Xunta de Galicia

Novidades nas listas de contratación do SPIF

O novo decreto que modifica o Decreto 37/2006 introduce cambios na xestión das listas de contratación temporal e nos chamamentos do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF), que serán de aplicación nos próximos chamamentos.

Os principais cambios son:

1. Chamamentos máis rápidos mediante SMS URXENTE

Entre o 1 de marzo e o 31 de outubro, os chamamentos realizaranse mediante SMS URXENTE que será enviado ao número de teléfono móbil comunicado.

As persoas chamadas deberán acceder á ligazón recibida e **validar a súa elección antes das 23.59 horas do día en que reciban o SMS URXENTE**

O acceso ao sistema sen validación da elección dentro do prazo establecido terá a consideración de rexeitamento do chamamento, cos efectos previstos no propio Decreto.

2. Suspensión automática doutras listas

Unha vez aceptado un posto, a persoa seleccionada quedará suspendida automaticamente dos chamamentos tanto desa lista como do resto das listas nas que figure.

3. Incorporación ao posto

A adxudicación dos postos efectuarase ao día seguinte ao chamamento. As persoas seleccionadas poderán descargar a credencial correspondente e deberán incorporarse ao posto no prazo indicado nela, que non poderá exceder dun día hábil desde a adxudicación.



4. Documentación esixida

No caso de resultar seleccionada/o, será requisito imprescindible para a incorporación ao posto de traballo a presentación dun **certificado médico oficial** no que se acredite que non padece enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes á/s escala/s nas que a persoa foi seleccionada, indicando expresamente a denominación da escala.

Co fin de facilitar unha incorporación máis áxil, recoméndase tramitar con antelación a expedición deste certificado, que terá unha validez de sete meses desde a súa emisión para os efectos de incorporación aos postos do SPIF.

O certificado deberá estar emitido e asinado por persoal médico colexiado en exercicio.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da restante documentación que, de ser o caso, poida ser requirida pola unidade de persoal competente no momento da incorporación para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para o nomeamento.

5. Máis información

Pode consultar o texto integro do Decreto no seguinte enlace:
https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?paginaCompleta=false&idEstado=5&rutaRelativa=true&ruta=/2026/20260519/Secciones1_gl.html

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2026